

AXUDAS DESTINADAS AO ALUMNADO QUE CURSE ESTUDOS UNIVERSITARIOS NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA, QUE POR CAUSA SOBREVIDA OU IMPREVISTA TEÑA DIFICULTADES ECONÓMICAS PARA CONTINUAR ESTUDOS.

CONVOCA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

OBXECTO

Regular o procedemento de concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico, cunha necesidade urxente de recursos económicos motivada por causas sobrevidas e imprevistas que lles impidan ou dificulten a continuidade dos seus estudos.

BENEFICIARIOS

Estudantes universitarios/as que cumpran os requisitos establecidos no seguinte apartado:

Requisitos:

- a) Necesidade urxente de recursos económicos para paliar a situación de emerxencia derivada dunha causa sobrevida ou imprevista (orfanidade absoluta, falecemento do pai/nai/titor legal, desemprego do sustentador principal, enfermidade grave, violencia de xénero cara el/ela ou o/a seu/súa proxenitor/a, vítimas de actos terroristas, separación, divorcio, ruína ou quebra familiar e outras circunstancias non establecidas que sendo xustificadas repercutan na situación socioeconómica da unidade de convivencia).
- b) Que a situación sobrevida ou imprevista acontecese durante o actual ano académico 2010-2011.
- c) Estar matriculado, como mínimo en 50 créditos, en estudos universitarios presenciais conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico en calquera das universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- d) Ter fixada a súa residencia familiar en Galicia cun mínimo de tres anos consecutivos e anteriores á data de publicación desta convocatoria.
- e) Que a renda per cápita da2 unidade de convivencia non sexa superior ao importe anual da pensión non contributiva individual para o ano 2011, é dicir 4.866,40 euros (405,53 euros mensuais, incluída nesta contía a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias). Entenderase para estes efectos como unidade de convivencia a constituída pola persoa solicitante e, se é o caso, quen conviva con ela nunha mesma vivenda ou aloxamento.
- f) Non ter percibida esta axuda con anterioridade para a mesma causa.

PRAZO

Ata o 30/9/2011.

NORMATIVA

ORDE do 30 de maio de 2011 pola que se establece o procedemento de concesión, baixo o réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, que por causa sobrevida ou imprevista teña dificultades económicas para continuar estudos (DOG nº 114, do 15 de xuño de 2011).

ENLACES

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110615/AnuncioC3F1-060611-2660_gl.html).